

PLAN DE ESTUDOS DO 1º CURSO DO BACHARELATO LOE CURSO ACADÉMICO 2009-2010

1º CURSO	MATERIAS	CIENCIAS E TECNOLOXÍA	HUMANIDADES E CIENCIAS SOCIAIS	ARTES	
				Artes plásticas, deseño e imaxe	Artes escénicas, música e danza
	Materias Comúns	Ciencias para o Mundo Contemporáneo Filosofía e Cidadanía Lingua Galega e Literatura I Relixión		Educación Física Lingua Castelá e Literatura I Lingua Estranxeira I	
	Materias de Modalidade (tres materias)	Matemáticas I (obrigatoria) Bioloxía e Xeoloxía Debuxo Técnico I Física e Química Tecnoloxía Industrial I	Hª. do Mundo Contemporáneo (obrig.) Economía Grego I Latín I Matemáticas Aplicadas ás CC. Sociais I	Cultura Audiovisual (obrigatoria) Debuxo Artístico I Debuxo Técnico I Volume	Cultura Audiovisual (obrigatoria) Análise Musical I Anatomía aplicada Linguaxe e práctica musical
	Materias Optativas (escoller unha)	Antropoloxía <i>Segunda Lingua Estranxeira</i> Literaturas Hispánicas		<i>Música</i> <i>Tecnoloxías da Información e da Comunicación</i>	

Cadro nº 1

Plano de estudos do primeiro curso do Bacharelato LOE para o alumnado matriculado no curso 2009-2010.

NOTA: As *materias optativas* sinaladas en *cursiva* son de oferta obrigatoria en todos os centros.

PLAN DE ESTUDOS DO 2º CURSO DO BACHARELATO LOE CURSO ACADÉMICO 2009-2010

2º CURSO	MATERIAS	CIENCIAS E TECNOLOXÍA	HUMANIDADES E CIENCIAS SOCIAIS	ARTES	
				Artes plásticas, deseño e imaxe	Artes escénicas, música e danza
	Materias Comúns	Historia de España Lingua Castelá e Literatura II Lingua Estranxeira II		Historia da Filosofía Lingua Galega e Literatura II Relixión	
	Materias de Modalidade (tres materias)	Bioloxía Ciencias da Terra e Ambientais Debuxo Técnico II Electrotecnia Física Matemáticas II (obrigatoria) Química Tecnoloxía Industrial II	Economía da Empresa Xeografía (obrigatoria) Grego II Latín II Matemáticas Aplicadas ás CC. Sociais II Literatura Universal Historia da Arte	Historia da Arte Téc. Expresión Gráfico-Plástica (obrigatoria) Deseño Debuxo Artístico II Debuxo Técnico II	Artes Escénicas Historia da Música e da Danza (obrig.) Literatura Universal Análise Musical II
	Materias Optativas (escoller unha)	Ética e Filosofía do Dereito Métodos Estatísticos e Numéricos Xeografía e Historia de Galicia Xeoloxía		Filosofía da Ciencia e Tecnoloxía <i>Segunda Lingua Estranxeira</i> Literatura Galega do Século XX e da Actualidade	

Cadro nº 2

Plano de estudos do segundo curso do Bacharelato para alumnos matriculados no curso 2009-2010.

NOTA: As *materias optativas* sinaladas en *cursiva* son de oferta obrigatoria en todos os centros.

NORMATIVA

MATERIAS COMÚNS

As materias de *Lingua galega e literatura I* e *Lingua galega e literatura II*; *Lingua castelá e literatura I* e *Lingua castelá e literatura II*; *Lingua estranxeira I* e *Lingua estranxeira II* son materias de aprendizaxes progresivas que requirirán a superación das de primeiro curso para seren avaliadas as de segundo curso.

MATERIAS PROPIAS DE MODALIDADE

O alumnado poderá elixir entre a totalidade das materias propias da modalidade elixida. A súa elección só poderá estar limitada cando haxa un número insuficiente de alumnos de acordo cos criterios que establece a Consellería de Educación.

Cando a oferta de materias quede limitada nun centro por razóns organizativas, a Consellería de Educación poderá autorizar que poidan ser cursadas noutro centro educativo no réxime ordinario ou de ensinanza de adultos, en calquera das súas modalidades.

MATERIAS PROPIAS DE MODALIDADE: VÍA DE ARTES PLÁSTICAS, DESEÑO E IMAXE

As materias de *Debuxo artístico I* e *Debuxo artístico II*; *Debuxo técnico I* e *Debuxo técnico II* son materias de aprendizaxes progresivas que requirirán a superación das de primeiro curso para seren avaliadas as de segundo curso.

MATERIAS PROPIAS DE MODALIDADE: VÍA DE ARTES ESCÉNICAS, MÚSICA E DANZA

As materias de *Análise musical I* e *Análise musical II* son materias de aprendizaxe progresiva que requirirán a superación da materia do primeiro curso para ser avaliada a materia do segundo curso.

MATERIAS PROPIAS DE MODALIDADE: VÍA DE CIENCIAS E TECNOLOXÍA

As materias de *Debuxo técnico I* e *Debuxo técnico II*; *Matemáticas I* e *Matemáticas II*; *Tecnoloxía industrial I* e *Tecnoloxía industrial II* son materias de aprendizaxes progresivas que requirirán a superación das de primeiro curso para seren avaliadas as de segundo curso.

Existen materias propias de modalidade que precisan, para poderen ser cursadas satisfactoriamente, de coñecementos previos, que se xustificarán, ben cursando as materias que corresponden, ben acreditando os coñecementos necesarios mediante o procedemento que establece a Consellería de Educación.

Física de 2º

precisa de

Física e química de 1º

Química de 2º

precisa de

Física e química de 1º

Electrotecnia de 2º

precisa de

Física e química de 1º

Bioloxía de 2º

precisa de

Bioloxía e xeoloxía de 1º

Ciencias da terra e ambientais de 2º

precisa de

Bioloxía e xeoloxía de 1º

MATERIAS PROPIAS DE MODALIDADE: VÍA DE HUMANIDADES E CIENCIAS SOCIAIS

As materias de *Grego I* e *Grego II*; *Latín I* e *Latín II*; *Matemáticas aplicadas ás ciencias sociais I* e *Matemáticas aplicadas ás ciencias sociais II* son materias de aprendizaxes progresivas que requirirán a superación das de primeiro curso para seren avaliadas as de segundo curso.

MATERIAS PROPIAS DE MODALIDADE: número de materias

O alumnado deberá cursar **tres materias propias de modalidade** en cada un dos cursos do bacharelato.

Das seis materias propias de modalidade que o alumnado terá que cursar no bacharelato, polo menos cinco, serán das que corresponden á modalidade elixida.

MATERIAS PROPIAS DE MODALIDADE: VÍA DE ARTES PLÁSTICAS, DESEÑO E IMAXE

O alumnado que curse a **modalidade de Artes plásticas, deseño e imaxe** deberá cursar obrigatoriamente:

No primeiro curso: Cultura audiovisual

No segundo curso: Técnicas de expresión gráfico-plástica

O alumnado que curse a **modalidade de Artes escénicas, música e danza** deberá cursar obrigatoriamente:

No primeiro curso: Cultura audiovisual

No segundo curso: Historia da música e da danza

MATERIAS PROPIAS DE MODALIDADE: VÍA DE CIENCIAS E TECNOLOXÍA

O alumnado que curse a **modalidade de Ciencias e Tecnoloxía** deberá cursar obrigatoriamente:

No primeiro curso: Matemáticas I

No segundo curso: Matemáticas II

MATERIAS PROPIAS DE MODALIDADE: VÍA DE HUMANIDADES E CIENCIAS SOCIAIS

O alumnado que curse a **modalidade de Humanidades e Ciencias Sociais** deberá cursar obrigatoriamente:

No primeiro curso: Historia do mundo contemporáneo

No segundo curso: Xeografía

MATERIAS OPTATIVAS

O alumnado cursará **unha materia optativa** tanto en primeiro como no segundo curso do bacharelato.

As materias optativas seguintes serán de oferta obrigatoria en todos os centros: *Música, Segunda lingua estranxeira e Tecnoloxías da información e da comunicación.*

Así mesmo tamén poderá elixir, **no primeiro curso**, entre as seguintes materias: *Antropoloxía, Literaturas Hispánicas, Música, Segunda lingua estranxeira e Tecnoloxías da información e da comunicación*, ou unha das materias propias de modalidade de entre as impartidas no centro ou aquelas doutra modalidade para as que conte con profesorado e recursos.

Así mesmo tamén poderá elixir, **no segundo curso**, entre as seguintes materias: *Ética e filosofía do dereito, Filosofía da ciencia e tecnoloxía, Métodos estatísticos e numéricos, Literatura galega do século XX e da actualidade, Segunda lingua estranxeira, Xeografía e historia de Galicia e Xeoloxía*, ou unha das materias propias de modalidade de entre as impartidas no centro ou aquelas doutra modalidade para as que conte con profesorado e recursos.

Soamente a *Segunda lingua estranxeira* poderá ser cursada en ambos os dous cursos.

PROMOCIÓN

Ao finalizar o primeiro curso, e como consecuencia do proceso de avaliación, o profesorado de cada alumna e de cada alumno adoptará as decisións sobre a súa promoción ao segundo curso tendo en conta que:

- a) As alumnas e os alumnos conseguirán a promoción ao segundo curso cando superen todas as materias cursadas ou teñan avaliación negativa en dúas materias como máximo.
- b) O alumnado que conseguise a promoción ao segundo curso con materias avaliadas negativamente deberá cursalas ao longo do curso. Os centros organizarán as actividades de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes, tendo en conta que a avaliación destas materias terá que ser anterior á das materias de segundo curso.

PERMANENCIA DUN ANO MÁIS NUN MESMO CURSO

- 1º.- O alumnado poderá permanecer cursando bacharelato, no réxime ordinario, con carácter xeral, un máximo de catro anos, consecutivos ou non.
- 2º.- O **alumnado que suspenda en 1º de bacharelato máis de dúas materias**, cursará de novo o curso completo e será cualificado en todas as materias.
- 3º.- Sen prexuízo do anterior, o equipo docente, atendendo ás circunstancias persoais e académicas do alumno ou alumna, poderá decidir que o alumnado con tres ou catro materias con avaliación negativa no primeiro curso de bacharelato manteña a cualificación obtida naquelas materias que xa foron cursadas e superadas.
- 4º.- O previsto no artigo 2º da Orde do 28 de xullo pola que se establecen medidas para facer efectiva a aplicación da sentenza do 2 de febreiro de 2009 da Sala Terceira do Tribunal Supremo sobre a avaliación e promoción en primeiro de bacharelato (DOG do 3 de agosto), non resultará de aplicación cando a nova cualificación obtida na materia cursada sexa superior á outorgada no curso académico anterior.

CAMBIO DE MODALIDADE

O alumnado, unha vez cursado o primeiro curso de bacharelato e antes do comezo das actividades lectivas do segundo, poderá solicitar á dirección do centro o cambio de modalidade en función das súas expectativas futuras ou aptitudes persoais.

O alumnado, unha vez autorizado para o cambio de modalidade, terá que matricularse de polo menos dúas materias da nova modalidade correspondentes ao primeiro curso e de todas as de segundo curso, tendo en conta que das seis materias que o alumnado terá que cursar no bacharelato, polo menos cinco, serán das que corresponden á modalidade elixida.

Computarase como optativa de segundo curso unha das materias de modalidade cursada e superada en primeiro.

LEXISLACIÓN

Decreto 126/2008, do 19 de xuño, polo que se establece a ordenación e o currículo do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia (DOG do 23 de xuño de 2008).

Orde do 24 de xuño de 2008 pola que se desenvolve a organización e o currículo das ensinanzas de bacharelato na Com. Aut. de Galicia (DOG do 27 de xuño de 2008).

Orde do 25 de xuño pola que se establece a relación de materias optativas do bacharelato, o seu currículo e se regula a súa oferta (DOG do 27 de xuño de 2008).

Orde do 23 de setembro de 2008 pola que se amplía a oferta de materias optativas do bacharelato e se establece o seu currículo (DOG do 29 de setembro de 2008).

Corrección de erros - Decreto 126/2008, do 19 de xuño, polo que se establece a ordenación e o currículo do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia (DOG do 22 de outubro de 2008).

Orde do 28 de xullo de 2009 pola que se establecen medidas para facer efectiva a aplicación da sentenza do 2 de febreiro de 2009 da Sala Terceira do Tribunal Supremo sobre a avaliación e promoción en primeiro de bacharelato (DOG do 3 de agosto).

Instrucción da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa sobre promoción no bacharelato no réxime ordinario, dun curso incompleto do sistema definido pola Lei Orgánica 1/1990, do 3 de outubro, a outro da Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación (remitida no mes de outubro de 2009 aos centros de bacharelato de Galicia).